



Información mínima que se debe incluír no protocolo de autocontrol dunha piscina

Base legal: artigo 11 do Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico sanitarios das piscinas

Tratamento da auga de cada vaso

- Esquema que inclúa os distintos equipos de tratamento, o vaso, as liñas de auga, puntos onde se engaden os produtos de tratamento e puntos de control e mostraxe.
- Descrición completa e secuencial do sistema de tratamento da auga de cada vaso:
 - Auga de achega
 - Tratamentos:
 - Filtración
 - Desinfección (produtos químicos, ultravioleta, electrólise salina, outros)
 - Outros
- Compoñentes do sistema de tratamento:
 - Sistemas de entrada e saída da auga do vaso (número e localización de boquillas de entrada, skimmers/rebosadoiro perimetral, etc.)
 - Vaso de compensación
 - Tipo de prefiltros (se os houbese)
 - Características e número de filtros
 - Sistema de dosificación do desinfectantes
 - Sistema de dosificación doutros tratamentos (se os houbese)
 - Sistema de medición de tratamento (localización, se a houbese)
 - Outros equipos
- Substancias ou produtos químicos empregados (incluír Fichas de Datos de Seguridade):

Nome	Núm. rexistro (no caso dos biocidas)	Actividade (desinfectante, floculante, regulador pH, alxícida)	Sistema de dosificación

- Almacenamento dos produtos químicos empregados no tratamento da auga e a súa localización
- Sistema de climatización, se procedese (quentamento da auga e mantemento da temperatura)
- Responsables do mantemento do sistema de tratamento ou de partes deste



Acondicionamento do aire (nas piscinas cubertas)

- Esquema e funcionamento do sistema de acondicionamento do aire
- Compoñentes do sistema de acondicionamento do aire:
 - Equipos de ventilación, conducións de aire, tomas de aire fresco...
 - Sistemas de medición empregados para o control *in situ*
 - Outros equipos
- Responsables do mantemento do sistema de acondicionamento do aire

Control da auga (e do aire nas piscinas cubertas)

Para cada tipo de control (inicial, periódico ou rutina):

- Puntos de control ou de mostraxe representativos da auga
- Frecuencias de mostraxe
- Parámetros para controlar
- Para cada parámetro para controlar *in situ* indicar:

Parámetro	Nome do kit de medida	Método	LD (valor/unidades)	LC (valor/unidades)	UNE-ISO 17381 ou análoga	Procedemento de medida
						1º _____ 2º _____ 3º _____ 4º _____

LD: límite detección

LC: límite cuantificación

- Se existe un laboratorio contratado para realizar algunhas das análises:
 - Nome do laboratorio
 - Datos de contacto do laboratorio
 - Parámetros que analiza
 - Acreditación das técnicas de análise de cada parámetro, validación destes ou declaración asinada de que os procedementos están validados
 - Protocolo de toma de mostraxas
- Rexistros:
 - Data e hora da mostraxe
 - Lugar da mostraxe
 - Parámetros na auga de cada vaso: pH, temperatura da auga, transparencia, potencial REDOX (cando o desinfectante sexa diferente do cloro ou do bromo e os seus derivados), tempo de recirculación, turbidez, nivel de desinfectante residual (cloro libre residual, cloro combinado residual, bromo total, ácido isocianúrico ou outros desinfectantes), *Escherichia coli*, *Pseudomonas aeruginosa*, *Legionella spp* (nos vasos con aerosois e climatizados)
 No control de rutina non se determinarán *Escherichia coli*, *Pseudomonas aeruginosa*, *Legionella spp*.
 - Parámetros no aire nas piscinas cubertas: humidade relativa, temperatura ambiente e concentración de CO₂



- Incumprimentos: causas probables, medidas correctoras e, se é o caso, recomendacións, comprobación de que o incumprimento se corrixiu correctamente (indicando o novo valor do parámetro, data e hora)
 - Sinatura da persoa que realiza as determinacións e pon en marcha as medidas correctoras
- Responsable de cada control ou tarefa

Mantemento da piscina

- Relación de instalacións, equipos e materiais susceptibles de deterioro e que requiren unha revisión periódica:
 - Equipos de tratamento da auga (filtros, dosificadores, etc.), indicando para cada equipo: procedemento de revisión e mantemento, frecuencia desta e responsable
 - Equipos de ventilación e climatización nas piscinas cubertas (bombas, impulsores, electroválvulas, etc.) indicando para cada equipo: tipo, procedemento de revisión e mantemento, frecuencia desta e responsable
 - Instrumentos de medida indicando para cada instrumento: procedemento de revisión e mantemento (controis, calibracións, etc.), frecuencia desta e responsable
 - Partes da instalación en contacto cos usuarios (vestiarios, aseos, solos, paredes, duchas, etc.) indicando para cada equipo: tipo, procedemento de revisión, frecuencia desta e responsable
 - Materiais en contacto cos usuarios (chaves dos armarios, material de apoio á natación como aletas, táboas, etc.) indicando: tipo, procedemento de revisión, frecuencia desta e responsable:

Equipo, instrumento ou material a revisar	Frecuencia de revisión	Responsable	Procedemento de revisión/mantemento

- Rexistro de cada actividade de mantemento realizada (data e hora, acción realizada, incidencias, medidas correctoras adoptadas, persoal que a realiza)

Limpeza e desinfección

- Relación das instalacións, equipos e materiais nos que se debe realizar a limpeza e desinfección (vaso, rebosadoiro perimetral, liñas de separación, duchas, material de apoio á natación, vestiarios, filtros de aire, paredes, etc.)
- Descrición das operacións de limpeza e, se procedese, desinfección en cada unha das instalacións, materiais ou equipos
- Produtos empregados para realizar a limpeza e desinfección
- Periodicidade de cada operación
- Responsables de realizar cada tarefa
- Rexistro de cada operación de limpeza (data e hora, acción realizada, incidencias, medidas correctoras adoptadas, persoal que a realiza)
- Protocolo de actuación cando se detecten deficiencias nas operacións de limpeza e desinfección (causas probables, medidas correctoras, preventivas e de protección e responsables).



Seguridade e boas prácticas

- Descrición do lugar accesible e facilmente visible onde se expoñerá a información sobre:
 - Resultados dos últimos controis da calidade da auga
 - As situacións de incumprimento, as medidas correctoras adoptadas e as recomendacións sanitarias para as persoas usuarias no caso de que houberse risco para a saúde
 - Material divulgativo sobre prevención de afogamentos, traumatismos cranio encefálicos e lesións medulares. Nas piscinas ao aire libre, tamén información sobre a protección solar.
 - Substancias químicas e mesturas utilizadas no tratamento da auga de baño
 - Existencia ou non de socorrista, enderezos e teléfonos dos centros sanitarios próximos e de emerxencias
 - Aforo de cada vaso
 - As normas de utilización da instalación, dereitos e deberes das persoas usuarias
 - Horario de funcionamento ao público
- Se existe socorrista:
 - Nome e apelidos
 - Número do Rexistro profesional de socorristas de Galicia
 - Situación no recinto dos vasos
 - Actuacións nos casos nos que o persoal socorrista deba ausentarse do seu posto (para ir ao aseo, facer unha cura, etc.)
- Caixa de urxencias:
 - Localización na instalación
 - Dotación
 - Procedemento de revisión para asegurar que se atopa completa e en boas condicións en todo momento (condicións de conservación, caducidades, etc.)
- Se existe local de primeiros auxilios:
 - Localización na instalación
 - Equipamento
- Rexistro:
 - Incidencia: data e hora, descrición da incidencia, causas máis probables, medidas correctoras e preventivas adoptadas e responsables

Plan de control de pragas

- Análise de perigos: A empresa deberá avaliar en función da actividade e das instalacións o risco de perigo neste ámbito. En consecuencia desta determinación de perigos, a empresa deberá avaliar a probabilidade de que aparezan e a gravidade das súas consecuencias nos consumidores. E, finalmente, deberá determinar as medidas preventivas ou de control necesarias para conseguir aqueles obxectivos
- Relación e descrición dos equipos, instalacións e zonas susceptibles de vixilancia (elementos con puntos de entrada á instalación como puntos de ventilación, arquetas, desaugadoiros, etc.; zonas onde posiblemente aniñen os paxaros como gretas, elementos colgantes, falsos teitos, puntos mortos nas conducións, etc.; focos de acumulación de alimentos ou de lixo; auga estancada)
- Accións para evitar as pragas (por exemplo, protección de fiestras, ventiladores con malla antiinsectos, reixas de protección de xuntas de fiestras e portas, dotar de sifón a sumidoiros e retretes, trampas, ultrasóns, etc.)



- Procedemento de vixilancia:
 - Puntos para revisar
 - Frecuencia
 - Responsables da vixilancia
- Medidas de actuación cando se detecta unha incidencia (aplicación de produtos químicos por persoal cualificado, medidas correctoras, protectoras e preventivas)
- Rexistros:
 - Actuacións: data e hora, descrición da actuación realizada e responsables
 - Vixilancia: data e hora, tipo de acción e responsables
 - Incidencias (detección de insectos, roedores, aves, etc., nun número considerado non aceptable para asegurar a salubridade da instalación): data e hora, descrición da incidencia, causas máis probables, medidas correctoras e preventivas adoptadas e responsables
 - Responsables da execución do plan

Xestión de provedores e servizos

- Ficha ou listaxe das empresas provedoras (produtos químicos para o tratamento da auga do vaso ou para as operacións de mantemento, limpeza e desinfección; material de apoio á natación, etc.) ou as empresas contratadas para a realización dalgúns traballos (por exemplo, limpeza e desinfección das instalacións, calibración de equipos, laboratorio de análise, etc.):
 - Nome da empresa
 - Enderezo
 - Teléfono
 - Persoa de contacto
 - Produto ou servizo contratado
- Responsables de manter actualizada esta información

Última actualización: 25 de marzo de 2021